



**IES DE CURTIS**

Rúa Xermán de Castro, s/n 15310 Curtis (A CORUÑA)

☎ 881880620 📠 881880629

✉ [ies.curtis@edu.xunta.es](mailto:ies.curtis@edu.xunta.es)

🌐 <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>

**Versión 24 de setembro de 2020**

## GUÍA PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS

### I. INTRODUCCIÓN

Atendendo á situación de emerxencia sanitaria na nosa comunidade, debido á evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, e ás instrucións dadas polas autoridades educativas e sanitarias, o IES de Curtis elabora unhas directrices básicas para o alumnado e familias. A finalidade é informar, aclarar, familiarizar e tranquilizar a pais e alumnos na asunción das novas normas e hábitos que deben rexir o funcionamento do centro e as relacións sociais.

As directrices que se elaboran baséanse en dous documentos : A actualización do protocolo do 22 de xullo e as Instrucións da consellería para o curso académico 2020-21. En cursiva indícanse os epígrafes destes documentos.

*Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo "consejo interterritorial do sistema nacional de salud pública (D.O.G. nº 174 bis do 28-08-2020) "e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.*

*Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, nos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*

### II. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS QUE DEBEN ADOPTAR ALUMNADO, CENTRO E FAMILIAS

De conformidade co establecido coas instrucións de carácter xeral ditadas pola Xunta de Galicia e coas previsións do "Plan de Reactivación no ámbito Infante Xuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2" deberán terse en conta as seguintes medidas preventivas para evitar a aparición de novos gromos e eventualmente deter unha posible transmisión comunitaria e polo tanto adoptaranse medidas que permitan un labor de vixilancia tanto para a detección precoz de novos casos e dos seus contactos, como para o seguimento deles.

Para isto, adoptaranse as seguintes medidas:

- Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas do sistema educativo.

- A suspensión xeralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, unicamente se adoptará diante de situacións excepcionais.
- Os centros educativos promoverán que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas se realicen de forma telemática.
- Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O **equipo COVID do IES de Curtis** está formado por:

**Ángel J. Laxe García** (Director)

**Ana María Acosta Puente** (Profesora de Secundaria)

**Marta Iglesias López** (Profesora de Formación Profesional)

- A canle de comunicación das familias co centro educativo realizarase prioritariamente através da **páxina web do centro** <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>, polo que se prega que se consulte de forma habitual. O correo para calquera comunicación relacionada co COVID-19 será:

**Correo Equipo COVID-19:** [grupocovid.curtis@gmail.com](mailto:grupocovid.curtis@gmail.com)

**Teléfono do centro:** 881 880 620

#### ❖ **DETECCIÓN DE SINTOMATOLOXÍA COVID (O alumnado debe proceder coa seguinte rutina diaria antes de saír da casa e posterior chegada ao centro)**

Para a detección precoz no alumnado de sintomatoloxía COVID os seus pais/nais/titores/as legais realizarán unha autoavaliación dos síntomas de forma diaria para comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia.

Utilizarase a **enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I deste documento** que debe realizarse, **cada mañá, antes da chegada ao centro**. Diante da aparición de polo menos **un dos síntomas** que aparece na enquisa os proxenitores ou titores **non enviarán o alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra**, e deberán comunicar ao Equipo COVID os resultados da consulta.

Por outra banda os pais/nais e/ou titores legais deberán cubrir e asinar o modelo de declaración responsable (obrigatorio para todo o alumnado) por medio do cal se comprometen a non envialos se presentan algún tipo de sintomatoloxía COVID (Ver Anexo II).

#### ❖ **COMO DEBE PROCEDER A FAMILIA SE DETECTA SINTOMATOLOXÍA COVID**

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e a súa familia **contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algún membro do equipo COVID**.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicará o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co **comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais**. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de **xustificadas** aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

## ❖ COMO PROCEDER SE OS SÍNTOMAS SE DETECTAN NO CENTRO EDUCATIVO

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, **contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade**. O alumno permanecerá durante este período de tempo na **aula COVID**, situada no 2º andar a carón da Aula 202 (**Anexo V**). Esta aula está dotada (segundo as instrucións da Consellería do 30 de xullo) con ventilación, xel hidroalcolico, papeleira de pedal, panos desbotables e protección EPI para a/o acompañante da/o alumna/o. A saída de referencia desta aula son as escaleiras de emerxencia que están a carón dela.

Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.

Dende a Consellería de Educación habilitouse unha canle informática, denominada “EduCovid”, específica para a comunicación daqueles casos confirmados e os seus contactos. Todos os datos que se subministren estarán suxeitos á protección de datos.

### III. MEDIDAS QUE DEBE ADOPTAR O ALUMNADO

1. O uso da máscara é obrigatorio no centro. É obrigatorio traer unha segunda máscara na mochila e un pequeno estoxo para gardala. O alumnado tamén pode traer o seu propio xel hidroalcolico e panos desbotables.  
A imposibilidade do uso da máscara deberá vir acreditada polo pediatra do/a alumno/a.
2. Débese manter unha distancia de 1’5m ou 2m en todo momento (recreos, corredor, cafetería e patio) dentro do recinto escolar. Tamén á hora de subir e baixar do autobús, coches particulares, se acoden camiñando e á hora de entrar e saír do IES, para evitar aglomeracións.
3. Haberá dúas entradas e saídas habilitadas e sinaladas para acceder ao recinto escolar: a principal para 1º, 2º, 4º ESO, Bacharelato e CM Electromecánica de Vehículos Automóbiles, e a secundaria para 3º ESO, Ciclo de Informática, FP Básica.
4. Ao chegar o alumnado debe dirixirse á súa aula (o Centro e as aulas de referencia estarán abertas dende as 8:15 horas), **non se pode estar en grupo formando aglomeracións nas portas (tanto á entrada como á saída)** ou en calquera outro lugar.
5. O alumnado deberá ocupar o mesmo pupitre durante todo o curso escolar.
6. Os **desprazamentos** serán sempre en **ringleira** e pola **dereita**. No chan haberá frechas que indiquen o camiño a seguir.
7. Débese extremar a **hixiene de mans**, usando o xel hidroalcolico que estará en cada espazo do centro. Hai que desinfectar as mans, como mínimo:
  - Cando se entra no instituto
  - Antes e despois do recreo
  - Antes e despois de ir ao baño
  - Antes e despois de tocar calquera obxecto que non é propio
  - Cando se sae do instituto
8. Se nalgún momento o/a alumno/a se encontrase mal, debe comunicarllo ao profesorado. Débese manter sempre a distancia de seguridade.

9. Ao remate da xornada escolar hai que abandonar o centro mantendo a distancia de seguridade e sen formar grupos fóra ou dentro do centro.
10. Os usuarios do transporte escolar deben sentar sempre no mesmo asento, e levar en todo momento a máscara ben posta (cubrindo boca e nariz). Hai que desinfectar as mans ao subir ao autobús.

#### IV. MEDIDAS ADOPTADAS POLO CENTRO

##### ❖ Normativa aulas, aseos e recreos

1. O alumnado **non compartirá material** de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
2. O alumnado gardará o seu material cando se produza un cambio de aula e na saída aos recreos.
3. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e, na medida do posible, todo **rotulado co seu nome**.
4. **As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente.**
5. Non se permitirá o desprazamento do alumnado en horario de clase sen o permiso do profesorado, exemplo: tirar algo á papeleira, levantarse para falar cun compañeiro, etc.
6. As aulas quedarán baleiras (os pupitres recollidos e os colgadoiros libres de roupa) ao final da xornada lectiva para proceder á súa desinfección. Aquel material que quede nas aulas será desbotado por medidas de hixiene.
7. Os xogos colectivos e obxectos compartidos quedan prohibidos, respectándose en todo momento a distancia interpersoal.
8. Realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, e sempre que sexa posible entre clases (sobreenténdense que o alumnado ten que vir abrigado nos meses de inverno)
9. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
10. Salvo causa xustificada, non está permitido o uso dos aseos (1º e 2º andar) entre clases nin durante o desenvolvemento das mesmas.
11. Durante os **recreos** e nas entradas e saídas do centro o aforo permitido nos aseos será de **2 alumnos**.
12. Haberá profesorado de garda vixiando o aforo e garantindo que se cumpre a distancia de seguridade nas ringleiras de entrada e saída aos aseos. O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e á saída do mesmo.

O non cumprimento de calquera das medidas citadas no punto III será transmitido DE FORMA INMEDIATA, a través das canles habituais establecidas no centro ante calquera infracción, ao EQUIPO DE CONVIVENCIA que se reunirá CON CARÁCTER URXENTE para valorar a situación e tomar as medidas pertinentes.

Unha infracción deste tipo considerarase FALTA GRAVE por atentar contra a saúde pública, e polo tanto as posibles medidas correctoras conlevarán unha sanción acorde coa gravidade dos feitos.

## V. MEDIDAS DE REESTRUTURACIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO

1. O centro conta cun Equipo COVID-19.
2. Habilitación de aulas específicas como aulas de grupo (aula temática de Historia, biblioteca, aula de música, taller de tecnoloxía, laboratorio, etc).
3. **Dentro das aulas** o alumnado ocupará en primeiro lugar os **pupitres do fondo**.
4. Habilitación de espazos para o lecer nos diferentes andares. Cada andar estará reservado a un grupo determinado (2º andar: Bacharelato; 1º andar: 3º e 4º ESO; planta baixa: 1º-2º ESO), así como unha aula de estudo para os alumnos de Bacharelato en período de exames, que será a súa aula de referencia.
5. Retirada de mobiliario prescindible.
6. Instalación de dispensadores de xel hidroalcolico na entrada das aula e en espazos comúns.
7. Tres entradas e saídas diferenciadas e sinaladas para acceder ao edificio (**Anexo III e IV**).
8. Instalación de alfombras de desinfección no pavillón.
9. O patio cuberto terá un aforo de 50 alumnos, sen contar os que están facendo uso do servizo de cafetería.
10. Dotación de papeleira en todos espazos, unhas con tapa e pedal para máscaras e panos desbotables e outras para o resto de usos.
11. Habilitación dun espazo COVID para supostos casos de sospeita ante posibles síntomas.
12. Aforo limitado e supervisado do uso dos aseos, dotados de xabón e papel de mans desbotable con papeleiras con tapa e pedal.
13. Servizo da cafetería con entradas e saídas ben delimitadas.
14. Quendas de limpeza (unha de mañá e outra de tarde, cada unha con dous operarios) para garantir a desinfección de espazos comúns.
15. Ventilación, limpeza e desinfección regular das aulas e dos distintos espazos.

## **VI. PLAN DE ACOLLIDA, AULAS VIRTUAIS E PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.**

O primeiro día, cada grupo estará co seu titor ou titora que explicará os puntos principais do Plan de Acollida e adaptación á situación COVID, ademais de dar os horarios e os documentos que o alumnado debe entregar aos seus proxenitores ou titores legais.

Continuarase con este labor durante as primeiras semanas e todo o profesorado colaborará na difusión e coñecemento do Plan de Acollida.

O primeiro día, cada grupo, de forma escalonada, fará co seu titor/a , apoiado polo equipo directivo, un simulacro de entrada, saída e utilización da biblioteca, aseos, pistas exteriores, cafetería e outros espazos. Se non fose posible completar o simulacro con todos os grupos, continuarase cos simulacros nas horas de titoría de cada grupo durante os primeiros días.

Durante as primeiras semanas o profesorado estará atento a desenvolver dinámicas de aula que atendan á educación emocional, permitindo expresarse aos nenos e nenas sobre as situacións vividas durante o confinamento, expresión dos seus sentimentos ou estados de ánimo, medos, preocupacións...

Os/as titores/as de cada un dos grupos facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual, ferramenta imprescindible no caso de que o alumnado deba gardar corentana no seu domicilio e/ou teña que cursar ensino a distancia.

Ao mesmo tempo, os/as titores/as identificarán o alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e notificarano ao equipo directivo.

Nas Programacións Didácticas do novo curso aparecerán recollidos aqueles supostos e contidos non impartidos no curso 2019-2020. Asemade tamén recollerán a metodoloxía de traballo nos tres supostos: presencial, semipresencial e telemática.

**Esta guía é un documento aberto e suxeito a posibles cambios en función da evolución dos primeiros días de clase.**

## ANEXO I

### ENQUIZA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19 (NON HAI QUE ENTREGALA NO CENTRO)

De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		



**IES DE CURTIS**  
Rúa Xermán de Castro, s/n 15310 Curtis (A CORUÑA)  
☎ 881880620 ☎ 881880629  
✉ [ies.curtis@edu.xunta.es](mailto:ies.curtis@edu.xunta.es)  
🌐 <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>

## ANEXO II



## DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI  
número \_\_\_\_\_, como pai/nai/titor/a legal do alumno/a  
\_\_\_\_\_, matriculado no curso 2020/2021, do  
centro educativo IES de Curtis

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica da COVID-19 e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:


- Se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do Equipo COVID do centro educativo.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora do Equipo COVID do centro.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de setembro de 2020.

ASDO. \_\_\_\_\_




ANEXO III




PLANTA BAIXA

ENTRADA CICLO MEDIO DE ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS (ELVE)  
A ENTRADA REALÍZASE POLA PORTA PEQUENA A CARÓN DA ENTRADA AO APARCADORIO,  
CONTINUANDO SEMPRE POLA BEIRARRÚA ATA CHEGAR AO EDIFÍCIO NOVO



ANEXO V



PLANTA SEGUNDA